


Queridos nenos e nenas e familias.

Espero que TODO ESTÉ BEN. Seguimos vivindo este momento tan especial que nos tocou, pero vos aseguro que non o esqueceremos na nosa vida. Seguro que aprenderemos moitísimas máis cousas que nos libros de texto. Os contidos logo se aprenden, pero na vida hai moito máis: a familia, os amigos...

Déixovos algunhas recomendacións máis.

- **Páxina de interese para facer actividades de repaso.**



<https://www.orientacionandujar.es/2020/03/20/cuadernos-de-trabajo-apoyo-y-refuerzo-toda-primaria-editorial-la-calesa/coronavirus-1-primaria/>

- Nestes días de confinamento, tamén necesitamos estar solos nalgún momento, e se é coa compañía dun bo libro, moito mellor (dígovolo por experiencia).

Envíovos uns enlaces para que podades **ler o libro** que tiñamos pendente de ler na clase: *El lugar más bonito del mundo*. O protagonista vive unha realidade moi diferente tamén á vosa en condicións normais...e serviranos para reflexionar e valorar cousas ás que ás veces non lles damos importancia.

<https://es.slideshare.net/tonagutierrez1/cameron-ann-el-lugar-mas-bonito-del-mundo-39657353>

Logo faredes estas actividades; se non podedes imprimilas, facédeas nunha libreta (ben ordenadas e con boa caligrafía).

III.-Responde en forma completa y clara las siguientes preguntas. 12 puntos

1.- ¿Cuál es el tema de la historia?

2.- ¿ Quiénes son los personajes principales?

3.-¿ Cómo termina la historia?


4.- ¿Por qué crees tú que Juan deseaba estudiar.?

5.- ¿ Qué opinas de la vida de Juan,?

6.- ¿ Qué quiere decir Juan en el siguiente texto?

“ El lugar más bonito del Mundo , es aquel donde hay alguien que nos quiere muchísimo y de verdad”

IV.,Dibuja la historia 7 puntos



- E, por último, seguro que continuades facendo ese “*Diario*”, podemos incluír todo tipo de traballos que se vos ocorran: inventar contos, facer debuxos, poemas (que se vos dan moi ben)...e seguro que se vos ocorren moitas máis ideas.

Velaí a miña aportación con este acróstico.

*C*OVID-19 se chamaba;

O seo nome a nada nos soaba.

*R*esultou un virus letal

E na casa nos mandaron quedar.

*N*inguén se imaxinaba que ía...

*T*ransformar a vida no Planeta

E sacou o lado positivo e humano das persoas.

*N*a loita, todos apoiando...

*A*cadaremos a *VICTORIA!*

E PRONTO PODEREMOS ABRAZARNOS

Para calquera dúbida ou aclaración podedes poñervos en contacto comigo na seguinte dirección de correo electrónico: m.genalvarez@edu.xunta.es

Xa queda menos. Moito ánimo. Unha aperta virtual para todos e todas.

Geni Álvarez